



Código do documento	Código do expediente
USG12I00C1	USG/2018/48
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
1J4X 1P6R 6Q2R 3L6J 148W	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 9 DE ABRIL DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D^a M^a Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D^a Marta M^a Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do día nove de abril do ano dous mil dezaioito, reúne a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Diego Antonio Taibo Monelos, D^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D^a M^a Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D^a Marta M^a Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a interventora municipal, D^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a secretaria xeral, D^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA 3 DE ABRIL DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día tres de abril de dous mil dezaioito, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por sete votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as, Taibo Monelos, Pombo Carril, Varela Corbelle, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García e Figueroa Fuentes) e coa abstención do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, o cal manifesta que se absteñe por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada o día 3 de abril de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 20 de marzo de 2018, da Consellería de Sanidade, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas e denegadas en virtude da Orde do 26 de xuño de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para o confinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no eido da prevención na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria. DOG núm. 66 do 05-04-2018.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00C1	USG/2018/48
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1J4X 1P6R 6Q2R 3L6J 148W	

- Resolución do 23 de marzo de 2018, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 22 de novembro de 2017 (Diario Oficial de Galicia número 240, do 20 de decembro), pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia. DOG núm. 67 do 06-04-2018.
- Anuncio do 23 de marzo de 2018, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación da segunda e derradeira fase do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos)POS + Adicional 1/2017 por maior achega provincial. BOP núm. 63 do 04-04-2018.
- Resolución do 3 de abril de 2018, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións do programa DP0029, dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo, ano 2018. BOP núm. 63 do 04-04-2018.
- Anuncio do 3 de abril de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación definitiva do orzamento xeral para o exercicio económico de 2018. BOP núm. 65 do 06-04-2018.
- Anuncio do 2 de abril de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación inicial de nomeamento de rúa na parroquia de Rutis (Rúa Xela Arias no lugar de Fonteculler, parroquia de Rutis). BOP núm. 65 do 06-04-2018.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras

"

- Resolución núm. 363 de data do 15/03/2018, pola que se outorga a licenza municipal núm. 116 para a posesión de animais potencialmente perigosos, á D.ª P. B. R.
- Resolución núm. 417 de data do 23/03/2018, pola que se rexistra ao animal potencialmente perigoso de especie canina e raza Bull Terrier, co núm. 110, propiedade de D. S. M. R.
- Resolución núm. 429 de data do 27/03/2018, pola que se rexistra ao animal potencialmente perigoso de especie canina e raza Staffordshire, co núm. 112, propiedade de D.ª N. M. Y. P.
- Resolución núm. 434 de data do 28/03/2018, pola que se aproba o plan de seguridade e saúde da obra "Reposición de columnas e luminarias en Paseo Fernando II".

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

"

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
--------------------	---------------	------	---------------------	-------------



Código do documento	Código do expediente
USG12100C1	USG/2018/48
Código de Verificación Electrónica (COVE) 1J4X 1P6R 6Q2R 3L6J 148W	

23/03/18	404	Conceder o Xantar na Casa.	J. G. C.	Sete días da semana.
23/03/18	405	Conceder unha ampliación no servizo municipal de Axuda no fogar.	M. D. M.	Cinco horas á semana (agás festivos).

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP n° 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
23/03/18	409	Conceder unha axuda económica.	L. M. R. H.	Pago de aluguer, correspondente aos meses de marzo (276,75 €), abril (276,75 €), maio (276,75 €) e xuño (234,75 €) de 2018	1.065,00 €
23/03/18	412	Conceder unha axuda económica.	M. E. R. S.	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio, xuño e xullo por un importe de 135 € e o mes de agosto por un importe de 120 € de 2018.	1.065,00 €
23/03/18	413	Conceder unha axuda económica.	G. A. B. B.	Pago de aluguer, correspondente aos meses de febreiro (270 €), marzo (270 €), abril (270 €) e maio (170,54 €) de 2018. Pago de recibo de auga, correspondente ao cuarto trimestre de 2017.	980,54 € 84,46 €
23/03/18	415	Conceder unha axuda económica.	E. I. R.	Recibo de auga correspondente ao primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2018. Recibo de electricidade correspondente a seis meses de 2018. Bono de alimentos tipo B, durante catro meses e cunha entrega mensual. Bono de hixiene tipo A, durante catro meses e cunha entrega mensual.	

C.I.F. P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
USG12I00C1	USG/2018/48
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1J4X 1P6R 6Q2R 3L6J 148W	

23/03/18	416	Conceder unha axuda económica.	M. A. G. L.	Pago de recibo de auga, correspondente ao primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2018. Pago de recibo de electricidade, correspondente a seis meses de 2018. Bono de alimentos tipo A, durante tres meses e cunha entrega mensual. Bono de hixiene tipo A, durante tres meses e cunha entrega mensual.	
----------	-----	--------------------------------	-------------	---	--

2.2.3.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

"ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN:

EDUCACULLEREDO 2017/2018

Actividade: Obradoiro de reciclaxe: RecicLARTE.

Programa: Educación ambiental.

Datas: 9, 10, 12 e 13 de abril.

Horario: de 9:00 a 16:30 h.

Colexios participantes: Tarrío, Sofía Casanova e CRA Culleredo.

Curso: 4º, 5º e 6º de Educación Infantil.

Lugar: Aulas.

Participantes: 398.

Actividade: A Constitución e a administración local.

Programa: Educación constitucional.

Datas: 10 de abril.

Horario: de 9:45 a 11:15 h.

Colexios participantes: Andaina.

Curso: 3º de Educación Primaria.

Lugar: Casa do Concello.

Participantes: 25.

Actividade: Concerto didáctico III: Aladín, o músico viaxeiro.

Programa: Educación musical e artística.

Datas: 11 de abril.

Horario: de 9:30 a 10:30 e de 12:30 a 13:30 h.

Colexios participantes: Sofía Casanova, Díaz Pardo, Ría do Burgo, A Ponte Pasaxe e CRA Culleredo.

Curso: 4º, 5º e 6º de Educación Infantil e 1º de Educación Primaria.

Lugar: Salón de actos do CMUS.

Participantes: 340.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00C1	USG/2018/48
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1J4X 1P6R 6Q2R 3L6J 148W	

Actividade: O Mago Antón: a volta a Galicia en 313 concellos.

Programa: Educación musical e artística.

Datas: 11, 12 e 13 de abril.

Horario: de 09:00 a 14:00 h.

Colexios participantes: IES Universidade Laboral, IES Blanco Amor e IES Rego de Trabe.

Curso: 1º, 2º, 3º e 4º de ESO e FPB e ESA.

Lugar: MAGOMÓBIL (teatro sobre rodas).

Participantes: 964.

ACTIVIDADES CULTURAIS

XOVES 12 DE ABRIL DE 2018

Hall do andar C do Conservatorio de Música. 18.30 h:

Concerto exprés de saxofón e piano, a cargo de Diego Torreiro e Beatriz Vázquez. Entrada libre

VENRES 13 DE ABRIL DE 2018

Conservatorio de Música de Culleredo. 19.00 h.:

CONCURSO. BANDAS SONORAS.

Organiza: ANPA do Conservatorio. Entrada libre.

VENRES 13 DE ABRIL

Praza de Galicia do Burgo.

Funcións ás 17.00, 18.00, 19.00 e 20.00 h.

Mago Antón: *A volta a Galicia*.

VENRES 13 DE ABRIL

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:

Contos en inglés: *It's mine*.

A partir de 4 anos. Entrada libre.

VENRES 13 DE ABRIL

Praza de Galicia do Burgo. 19.30 h:

87º aniversario da II República.

"Homenaxe ás mulleres represaliadas polo franquismo".

Ofrenda floral no monumento ao Gemika.

DOMINGO 15 DE ABRIL

Xardín Botánico do Burgo. De 10.30 a 13.30 h.

Obradoiro de coidado de bonsais, a cargo da Asociación Bonsai Coruña.

Primeira quenda."

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00C1	USG/2018/48
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
1J4X 1P6R 6Q2R 3L6J 148W	

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

PILAR MARÍA PASTOR NOVO
Secretaria Xeral
11/04/2018 16:17

JOSE RAMON
RIOBOO CASTRO
Alcalde-Presidente
12/04/2018 13:02

C.I.F. P-1503100-H